

RESUMO DE CONTIDOS

Ghastas pista, Warhol?

Educación Plástica e Visual | 5º EP

Ghastas pista, Warhol?

Educación Plástica e Visual

5º Educación Primaria

Índice

Educación Plástica e Visual.....	1
5º Educación Primaria.....	1
A técnica do agamógrafo.....	2
Coñecemos a técnica.....	2
Warhol e a publicidade.....	4
Que tes que saber?.....	4
A publicista.....	4
Uso de imaxes na internet.....	5
A acetato colaxe.....	6
Que é?.....	6
Con M de muller.....	6
O retrato.....	6
Atribución dos recursos incorporados ao documento.....	7





A técnica do agamógrafo

Coñecemos a técnica

O **agamógrafo** é unha técnica creada por un artista israelí chamado **Yaacob Agam** onde, xogando con dúas imaxes escondidas, **a ilusión óptica** é a protagonista.


Para crear un agamógrafo é preciso lembrares **os tipos de liñas** xa que se empregan liñas verticais paralelas elaboradas coa regra e o escuadro.



Tipos de liñas

Segundo a forma	
Liña recta 	Liña curva 
Liña quebrada 	Liña ondulada 

Segundo a disposición
Liña horizontal

Liña vertical

Liña oblicua

Segundo a disposición entre as liñas
Liñas paralelas

Liñas secantes

Liñas perpendiculares


Warhol e a publicidade

Que tes que saber?

Como ben sabes, **Andy Warhol** foi unha persoa moi polifacética, dedicouse á pintura, ao cine e á publicidade, onde destacou especialmente. Máis que **publicista**, Warhol foi un **ilustrador comercial**, mesturando os seus dotes artísticos co mundo comercial, axudando a grandes marcas a conseguir a fama e a gañar moito diñeiro grazas ás súas campañas publicitarias. Unha das máis coñecidas é a do **deseño das latas de sopa** Campbell's.

Grazas ao mundo da publicidade empezou a ser coñecido.

A publicista

Dentro do **mundo audiovisual** existe unha profesión fundamental para a publicidade, o comercio e a difusión da imaxe dunha empresa, asociación... a **publicista**.

Este profesional dedícase a **deseñar** e a **difundir**, a imaxe dunha empresa, asociación, club deportivo, ou persoa que queira **darse a coñecer** ou **vender** os seus produtos ante o público, dándolle así, valor á imaxe que quere compartir. Esta imaxe tan persoal chámase **imaxe corporativa**.

Búscase que a súa publicidade ou anuncio **chegue ao maior número de persoas** posibles e que lles **impresione** o que ven, que lles chame tanto a atención que queden con ela. Como pasa cos escudos dos clubs deportivos, cos logotipos dos coches, as marcas de xoguetes ou mesmo coas latas de conservas que creou o propio Andy Warhol.

Para logralo, as publicistas non só traballan coa **imaxe**, senón tamén cos **textos**, coa música ... O mundo empresarial, e mesmo o deportivo, gasta moito diñeiro ao ano en publicidade, polo que son necesarias moitas persoas publicistas no mundo.

Dentro desta profesión non só é importante ser **persoas creativas**, tamén hai que saber **comunicar dun xeito atraente**.

O verdadeiro talento do ou da publicista consiste na mestura entre **como diseña** a publicidade e **como a transmite**, moi relacionado co mundo da escritura.

Hoxe en día os avances dixitais no campo audiovisual fan que sexa moito máis motivador o mundo da publicidade e enriquecen moito este formato.

Uso de imaxes na internet

As imaxes que hai en Internet teñen unha **autoría**: foron creadas por alguén, e é importante recoñecer **quen as fixo** ou **como foron elaboradas**. Que unha fotografía estea publicada na Internet non quere dicir que se poda facer calquera cousa con esa obra.





Ao publicar unha creación, a persoa autora pode engadir unha **licenza** que indica como se pode usar a súa obra: que está permitido facer e que non. Ás veces, non permite que se use, comparta ou modifique. Neste caso, dicimos que ten **"todos os dereitos reservados"** ou **"Copyright"**, e necesitaríamos o seu permiso para utilizala.

Noutros casos, a obra inclúe un **texto** ou **símbolo** que informa do que está permitido facer. Isto chámase **licenza**, e hai dous casos principais:

- **Dominio público**: significa que calquera pode usar, compartir ou modificar a obra libremente, por exemplo podemos utilizar unha fotografía de Rosalía de Castro, como a da dereita. Esa fotografía pódela ver na [Galipedia](#), foi creada por [María Cardarely](#), a primeira fotógrafa de Galicia, en 1865.
- **Obra con algúns dereitos reservados**, o que quere dicir que hai cousas que non se poden facer coa obra, por exemplo, modificala. Neste caso, a persoa autora pode empregar unha licenza chamada **Creative Commons** para indicar o que se pode e o que non se pode facer coa súa creación.



Iconas das licenzas Creative Commons

Icona	O que significa	As condicións
	Con recoñecemento (BY)	Hai que poñer o nome da persoa que creou a obra.
	Uso non comercial (NC)	Non se permite vender o que se faga coa obra, nin a propia obra.
	Sen modificar (ND)	Non está permitido facer cambios na obra.
	Compartir Igual (SA)	As creacións que se fagan a partir da obra orixinal deben ter a mesma licenza que esta.



Por exemplo esta imaxe xunto a unha obra significa que hai que citar o nome da persoa autora e que se debe compartir coa mesma licenza.

A acetato colaxe

Que é?

A **acetato colaxe**, tamén coñecida como **colaxe en acetato**, é unha variante da técnica Colaxe Pop americana, cuxo principal representante é Andy Warhol.

El mesturaba a fotografía con diferentes materiais, como papeis e pinturas, dando orixe a unha nova obra chea de cor e orixinalidade.

Un exemplo da súa creatividade é a **colaxe en acetato**. Imprimía unha fotografía en branco e negro en papel de acetato, ou de transparencia e engadía papeis e elementos gráficos para darlle cor.



Con M de muller

O retrato

Na obra de Andy Warhol podemos atopar unha **gran cantidade de retratos de persoas** moi importantes na súa época. Para iso, empregaba técnicas como a serigrafía, fotografía ou colaxe.

Unha das obras máis representativas deste artista é a que ten como protagonista a **Marilyn Monroe**, actriz moi popular nos anos 60.

Andy empregou unha fotografía da artista cando rodaba a película Niágara tomada por Gene Korman e fixo ao redor de 50 obras baseándose nela. Unha das máis coñecidas é a que ten por nome "Marylin Diptych". Para ela empregou a **técnica da serigrafía** facendo variacións das cores sobre a mesma imaxe.



Atribución dos recursos incorporados ao documento

Recursos incorporados por orde de aparición e páxina:

Páxina 5.

Fotografía de Rosalía de Castro: María Cardarely. *Rosalía de Castro*

(https://gl.wikipedia.org/wiki/Galería_de_imaxes_de_Rosalía_de_Castro#/media/

Ficheiro:Rosalía_de_Castro.jpg). Dominio público

Iconas Creative Commons: Sito web <https://creativecommons.org/share-your-work/cclicenses/>. Licenza CC BY 4.0 (<https://creativecommons.org/licenses/by/4.0/>)

Páxina 6.

Fotografía con variacións de cor: Autoría descoñecida. *Elisa Patiño*

(https://es.wikipedia.org/wiki/Elisa_Patiño#/media/Archivo:Elisa_Patiño_Meléndez.jpg). Dominio público



“Ghastas pista, Warhol?. Resumo de contidos”, do proxecto cREAgal, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](#)